

FESTA DE SANTA XOANA

CURSO 2005- 2006

➤ LEMA

✚ E TI ¿QUE PONTE ES?



➤ OBXECTIVOS

- ✓ Presentar a Xoana de Lestonnac como exemplo de “**ponte comprometida**” coas dificultades da súa época.
- ✓ Valorar e interiorizar o estilo de vida baseado en crear “**pontes**” como camiño para *descubrir a felicidade de darse ós demais*.
- ✓ Descubrir o sentido e misión da “**Compañía de María**” na historia e no presente para *converternos en parte activa neste momento histórico*.
- ✓ Sentirnos -como Xoana de Lestonnac- abertos á mensaxe de Xesús de entrega ós demais.

➤ PRIMEIRA ACTIVIDADE: “A ponte” (montaxe)

Visualización da montaxe titulada “A ponte”. Podemos dividila en varias partes

- Primeira parte: “A Ponte”

Trátase de facer un símil entre o significado e a función dunha “ponte” e trasladalo ás persoas. Texto da historia da “ponte”:

A PONTE

Parácheste algunha vez a observar un río?

Se te fixas poderás ver que os ríos sempre separan dúas beiras.

As augas dos ríos permiten....regar os campos a través dos que pasa.

Pero para poder pasar dunha beira a outra precisamos... “unha PONTE”.

Cal é, polo tanto, o verdadeiro traballo da “ponte”?

Facer posible que as dúas beiras se acheguen

A “Ponte” une as beiras. É coma unha man estendida que se ofrece ós estraños

Se a “ponte” tivese sentimentos, poderíamos dicir sen medo, que a “ponte” se sentiría feliz.

Por que?

Porque a “ponte” fai feliz a tódalas persoas que a utilizan.

E nunca se recolle máis felicidade que cando se dá felicidade.

A misión máis importante da “ponte” é a de unir e achegar.

Cunha “ponte” podemos acurtar distancias.

Unha “ponte” ten que ser forte para resistir a todo e poder ofrecer o seu servizo ós que o precisan.

Gustaríache ser coma unha “ponte” e poder axudar ós outros?...

Como poderías axudar ós demais e tenderlles unha man?

Algunhas suxerencias para o diálogo:

- Facer fincapé na función que para nós teñen as pontes.
- Trasladar esta función e o servizo que para nós teña a “ponte” a persoas ou situacións de persoas que coma a “ponte”: unen, aproximan, perseveran,...
- Facer unha lista de “pontes” que creemos precisa o noso mundo máis próximo
- ...

- Segunda parte: “Persoas ponte” (2º parte montaxe)

Móstrase unha o perfil de Xoana de Lestonnac que crea a Compañía de María que segue servindo ós demais 400 anos despois. Pode ser un bo momento para lembrar a montaxe que se visualizou o día do comezo da celebración dos 400 anos. Facer fincapé ó final en que fagan unha chuvia de ideas sobre casos que crean poidan precisar crear “pontes”, casos de persoas que eles coñezan que crean “pontes”

➤ **SEGUNDA ACTIVIDADE: “A túa ponte”**

Despois de deixar que todo o falado cale en cada un de nós é o momento de concretar que realidades vemos na nosa vida cotiá que poden precisar de nós. Lembrar que non se trata de cousas xerais e lonxanas senón desas *pequenas cousas* que axudan a que a vida sexa mellor.

Unha vez que teñamos claro cal pode ser a nosa “ponte” podemos comezar a debuxala de forma simbólica e poñerlle nalgún lado esa palabra que encerre a actitude ou a acción que debe ter esa ponte que seguro fará que a vida sexa mellor.

➤ **EUCARISTÍA**

Presentamos agora as nosas pontes a Deus: abertas á súa palabra e á súa entrega. Xuntámonos todos ante Xesús coas nosas pontes que poden axudar a soñar cun mundo mellor. Sintámonos felices e agradecidos nesta Eucaristía a Deus polo exemplo de Xoana de Lestonnac

